

ERMITAS VALENCIA

Perspectivas desde a Comisión de Mulleres da A.C. Alexandre Bóveda

Comisión de Mulleres da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, ven desenvolvendo o seu traballo de concienciación sobre as problemáticas que nos afectan ás mulleres así como na visualización de todas aquelas manifestacións culturais onde as mulleres son protagonistas.

Exposicións de fotografía e pintura, teatro, conferencias sobre os principais problemas que afectan as mulleres na Galiza e fora das nosas fronteiras, ou talleres para coñecérmonos mellor a literatura feita por mulleres, foron as principais actuacións desenvolvidas pola nosa agrupación que este ano celebra o seu XXX aniversario. Así mesmo somos parte activa na Marcha Mundial das Mulleres na cidade da Coruña, coa que colaboramos en todas as actividades e mobilizacións.

É triste comprobar, que as nosas actividades, teñen un espazo totalmente secundario na prensa local, que pode tratarnos algo mellor cando coincide con datas sinaladas, como son o 25 de novembro ou o 8 de marzo. Desde a nosa comisión intentamos, nos últimos tempos, dar a visión das mulleres nos principais problemas galegos e internacionais. E triste comprobar, que unha conferencia de dúas palestinas, suxeitos activos do grave conflito que sofre o seu país, tivo un grande éxito de público, mais os medios de comunicación non se dignaron nen a anunciarlo. Pasaría o mesmo se os conferenciantes foran homes?

O mesmo sucede con calquera actividade, fora das "datas sinaladas", como se as mulleres só puiderésemos ser protagonistas das páxinas de sucesos, mais nunca seres activos na construción da realidade galega.

Procurar visualizar a realidade cultural galega, como mulleres activas na construción de Galiza, é algo fundamental para nós. Nesta labor, non temos como aliados aos medios de comunicación.

En moitas roldas de prensa que se dan na nosa agrupación, cando o tema ten a ver coa realidade das mulleres, podemos escoitar moitas veces, como nunca é un tema importante, ou que moitas veces, é a vontade da xornalista, cubrir dita información. "Los temas de mujeres no interesan".

•

Ermitas Valencia pertence á Comisión de Mulleres da Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña. E-mail: mitas_gz@hotmail.com.

